

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (Dpto. Bioloxía- Xeoloxía)

O curso comprenderá tres avaliacións cada unha delas coa súa correspondente recuperación, a nota da última avaliación se corresponde coa nota final de xuño.

Coa finalidade de facer realidade a variedade de procedementos de avaliación, darémolles un valor porcentual sobre a nota global para o cálculo de avaliación final.

Polo tanto os criterios de cualificación para a ESO e 1º Bach.de forma xeral serán :

- Observación directa do comportamento e actitude cara a materia: 10%:
- Caderno de clase (en papel ou da aula virtual): 10%
- Actividades de avaliación do traballo na clase: 20%
- Proba escrita: 60%
- Terase en conta a boa redacción, sen faltas de ortografía, a organización dos contidos así como o uso da terminoloxía axeitada (poderá descontarse medio punto a criterio do profesor, cando o cumprimento deste criterio sexa insuficiente nos traballos, caderno de clase ou exames)

No caso dos exames parciais de 1º e 3º da ESO e 1º Bacharelato non se fará media con menos dun tres nalgún deles. En 4º ESO precisarase un catro para poder facer media.

De ningunha maneira poderá aprobar as avaliacións o alumno que de forma xeral non faga o traballo da clase (no caderno ou na aula virtual) ou da casa e soamente realice as probas escritas nos exames, salvo que non poidera realizalas por problemas de saúde. En casos moi especiais poderase substituír o exame escrito por unha proba oral.

Para aprobar a materia é necesario aprobar as tres avaliacións, sendo necesario acadar como mínimo unha nota de cinco. Farase media entre as tres avaliacións sempre que se acade unha nota de 4.

En 2º Bach, por ser un curso especial no que os alumnos teñen que presentarse a unha selectividade, a avaliación será continua, todos os alumnos farán ao final do curso un exame de todo o temario. A media dos exames ao longo do curso valorarase nun 85% na nota final, quedando o resto da porcentaxe para ter en conta o resto das actividades.

Os seguintes supostos implican unha avaliación negativa:

- Non entregar o caderno de clase.
- Non executar as actividades de avaliación.
- Non facer as probas escritas.

A recuperación da avaliación terá lugar cando se cumpran os requisitos anteriores de forma positiva. Así mesmo haberá un exame extraordinario de setembro. O alumno que teña o devandito exame terá que realizalo de toda a materia impartida ao longo do curso.